

PROPOSTAS DE CIG-ENSINO PARA A PLATAFORMA REIVINDICATIVA PARTE SOCIAL DO V CONVENIO COLECTIVO ESTATAL DE REFORMA XUVENIL E PROTECCIÓN DE MENORES.

Propoñemos os seguintes cambios EN XERAL con respecto ao convenio anterior:

En primeiro lugar, insistir no emprego dunha linguaxe non sexista en toda a redacción do texto, empregando termos neutros e ambos os xéneros.

En segundo lugar, adaptación do texto ao recolleito na normativa laboral vixente que entrou en vigor despois da negociación e/o publicación do IV convenio en vigor.

ARTICULO 6.- VIXENCIA E DURACIÓN O tempo do convenio dependerá das negociacións...

ARTICULO 12. – DESCOLGUE SALARIAL. Cambiar “organizacións asinantes por negociadoras”.

ARTICULO 13.- COMISIÓN PARITARIA Modificar ‘organizacións asinantes’ por ‘organizacións negociadoras’.

En mobilidade xeográfica - recuperar a norma de poder volver ao centro orixe...regulalo. (antes art. 23 no II convenio). Limitar a mobilidade a outras CCAA ou crear unha regulación garantista do dereito do traballador/á permanecer na súa comunidade. Compensacións disuasorias...

Contratos - revisión das condicións e melloralas. FIXOS DESCONTINUOS deben limitarse, deben ter prioridade en ocupar vacante, o período de inactividade máximo de 12 meses rebáixalo a 3 meses (tamén período máximo de chamada), previo aviso de 15 días para incorporarse.

ARTÍCULO 31.- PERÍODO DE PROBA. Reducilos en xeral, por excesivos.

ARTICULO 54.- XORNADA E DISTRIBUCIÓN HORARIA ☐Diferenciar as horas de atención directa das horas complementarias (informes, preparación, avaliación,... que computarán como traballo efectivo). Marcar un mínimo nº de horas semanal ou mensual. (exemplo 1h/diaria en xornadas completas).

Cómputo anual máximo de traballo efectivo: 1650 horas. A distribución semanal será dun máximo de 37,5 horas e a diaria de 7,5 horas. Camiño das 35h. que recomenda unha directiva europea de forma progresiva durante a vixencia do convenio. □

Os permisos e licenzas computaranse como tempo de traballo efectivo, así como os 15 minutos mínimos de descanso por xornada, non recuperables, descanso a gozar en calquera dos tipos de xornada. Teletraballo regulalo.

ARTICULO 56. – DESCANSO SEMANAL Garantiranse como mínimo 2 fins de semana ao mes a todo o persoal.

NOVOS ARTIGOS. – Regular con recoñecementos salariais ou de descanso a xornada partida e o traballar nos 14 festivos, recoñecendo máis os festivos especiais (nadal, fin de ano, reis,... 70€ máis). Complementos por horas. Días de descanso compensatorio (mínimo 1,5) a solicitar polo traballador. Complementos salariais por turnicidade, dispoñibilidade, perigo e penosidade.

ARTICULO 57.- VACACIÓNS Cambiar os 23 días laborables por 25 días laborables. Regulala con máis flexibilidade para o seu goce, eliminar fraccións.

ARTIGO 60 e 61.- SALARIOS. Como norma xeral para a negociación colectiva no referente ás táboas salariais a Confederación Intersindical Galega (C.I.G.) reivindica o aplicar o IPC Real anual (ou do ano anterior), agás que este fose negativo, para todos os salarios iguais ou superiores ao Salario Medio Estatal (sobre 29.247€) do ano correspondente e para os que están por debaixo deste salario medio, aplicar unha subida lineal cuxa cantidade sexa, para todos, a incrementada aos que teñan este salario medio. Ademais, a maiores da norma, reivindicamos a recuperación paulatina do poder adquisitivo perdido nestes últimos anos (sobre o 10% neste IV convenio). Desde a CIG entendemos que se deben recuperar salarios dignos e tentar romper o incremento da brecha salarial entre os distintos traballadores/as e categorías no que respecta a os salarios máis baixos e máis altos. Introducir cláusula de revisión salarial anual.

PROPOSTA ANO 2026. Subida do 5% sobre todos os conceptos salariais das táboas de 2021, para todos os salarios iguais ou superiores ao Salario Medio Estatal (29.247 euros). Para todos os salarios que estean por baixo deste salario medio aplicárase unha subida lineal, a todos eles, da cantidade

incrementada aos que teñan o salario medio estatal, é dicir, 105 euros ao mes. Este 5% tamén se aplicará a todos os demais complementos do convenio. Crear un complemento compensador pola perda de poder adquisitivo do IV convenio, nun único pago durante o ano 2026, ou repartilo nos anos de aplicación do convenio, por encima do IPC anual (IPC+ %). O resto de anos do convenio aplicarase a norma xeral antes descrita con clausula de revisión salarial. Ademais Equiparar salarios nas mesmas categorías (C.E.) en 2026, ou ao final do convenio, con subas graduais que serán de aplicación a todos os pregos de contratación sen excepcións como no anterior convenio. Se se manteñen as dúas marchas de táboas, crear un COMPLEMENTO COMPENSADOR por prego para os que non tiveron a aplicación das táboas incrementadas por novos pregos, de forma que non se discrimine salarialmente polo momento en producirse o novo contrato, convenio ou concerto social (esta nova modalidade de concesión do servizo xa permite regularizar concesións anualmente, polo menos en Galiza).

ARTICULO 63.- ANTIGÜEDAD Pasar dos 16,24€ por trienio a 30€ por trienio.

ARTIGO 64 E 65 .- NOCTURNIDADE E FESTIVIDADE. Aumentar compensación a un 25%. Aclarar redaccións con horas soltas.

ARTIGO 66. – COMPLEMENTO ESPECÍFICO. Equiparalo por arriba nas mesmas categorías sen distinción do tipo de centro. Pódenos valer o período de vixencia do convenio...

ARTIULO 72.- COBRANZA DURANTE O PERÍODO DE INCAPACIDADE TEMPORAL (IT) Nos supostos de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral cobrarse o 100% durante o primeiro mes. Segunda opción: a primeira baixa anual, como mínimo, o 100% do salario o primeiro mes, logo regular a 2ª e 3ª nun % de compensación salarial pola empresa descendente a negociar.... e xa a 4ª e demais tal cal está no convenio.

ARTICULO 73.- GASTOS Media dieta: pasar de 12€ a 24€. Dieta completa sen pernoita: pasar de 24€ a 48€. Dieta completa con pernoita: pasar de 74€ a 138€.

ARTICULO 74.- GASTOS POR USO DO COCHE PROPIO. Pasar da bonificación de 0,19€/km a 0,26€/km.

ARTICULO 77.- LICENZAS RETRIBUÍDAS:

d) Dous días por traslado de domicilio habitual.

j) 4 días laborables de asuntos propios, que aumentarán segundo se cumpran sexenios. Engadir unha nova licenza de asistencia médica para o traballador/a e familiares ata primeiro grao, menores ou maiores que non poidan valerse por si mesmos e que teñan a cargo cando só pódase acudir en xornada laboral e xustificarse a mesma. O límite das 15h. é insuficiente.

ARTICULO 78.- LICENZAS NON RETRIBUÍDAS:

Na c) máis flexibilidade para o traballador/a: como mínimo 15 días, non un mes ; maximo 3 meses cada ano. Sacar límite de tres anos.

ARTICULO 80.- LACTACIÓN Incrementar os 15 días naturais a 28 días naturais.

ARTICULO 86.- EXCEDENCIAS A excedencia por coidado de fillos ou maiores a cargo hai que amplialas ata os 5 anos con reserva do posto de traballo durante o mesmo período. Na excedencia voluntaria, tamén se reservará o dereito ao retorno ao posto de traballo, mínimo os 2 primeiros anos.